

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de febreiro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezanove horas e quince minutos do día vinte e dous de febreiro do ano dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(169).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(170).- PROXECTO MODIFICADO DE CONSTRUCCIÓN DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO DE USO MIXTO DA RÚA AREAL. EXPTE. 3044/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 18.02.10, e o informe do xefe do Servizo de Investimentos, do 21.02.10, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 16.02.10, conformado pola concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público*
- *Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, en dous lotes de tres, en diversos lugares da cidade de Vigo, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006. O lote 1, que comprende os aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro resultou adxudicado á ELOYMAR TRANVÍAS,U.T.E. O contrato formalizouse en data 13 de xuño de 2007.

Por resolución da Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2008 se procede á aprobación definitiva do proxecto construtivo do aparcadoiro subterráneo da rúa Rosalía de Castro.

Este aparcadoiro se sitúa no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, encadrado na categoría de ben catalogado no planeamento municipal, e que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. En consecuencia, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ten

que autorizar calquera intervención que lle afecte. Así, unha vez aprobado o proxecto polo órgano de contratación, solicitouse autorización á Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.

Antes de informar o proxecto do aparcadoiro, a Consellería ordenou a realización de sondaxes arqueolóxicas, e unha vez rematadas as mesmas, dado que se tiñan encontrado diversos restos arqueolóxicos ordenou unha ampliación das sondaxes. Ante estas dificultades e co fin de evitar maiores gastos para a realización dunhas sondaxes sen ter garantida a realización do aparcadoiro coa traza prevista, circunstancia que solo podería ser determinada á vista dos resultados destas sondaxes, a Xunta de Goberno Local, en data 04/12/2009 acordou modificar a traza do aparcadoiro da rúa Areal e solicitar á mercantil concesionaria a presentación dun novo proxecto construtivo conforme coa nova traza.

En cumprimento do citado acordo, D. Eloy Garcia Alvariza, actuando en nome e representación de ELOYMAR Y TRANVIAS, U.T.E., en data 9 de decembro de 2009, remite o proxecto modificado do aparcadoiro de Areal.

Co fin de determinar se o mesmo foi elaborado con suxeición o prego de cláusulas técnicas e administrativas e a proposta formulada polo adxudicatario recabáronse informes técnicos ós departamentos municipais implicados, así:

- Informe do Sr. Xefe de Área de Mobilidade, Seguridade e Transporte, de data 18/12/2009.*
- Informe do Servizo de Vías e obras, de data 21/12/2009.*
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 22/12/2009.*
- Informe do Servizo de Montes, parques e xardíns, de data 28/01/2010.*
- Informe do Servizo de Limpeza, de data 29/01/2010.*
- Informe do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, de data 10/02/2010.*

Dos presentes informes se lle deu traslado á concesionaria, que formula alegacións, en sendos escritos con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 08/02/2010 e 10/02/2010.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Unha vez outorgada a concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro á ELOYMAR Y TRANVIAS, U.T.E., por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007, o concesionario ten a obriga de presentar os proxectos de construción subscritos por técnico titulado superior competente no prazo dos tres meses seguintes á formalización do contrato (artigos 5.2 PCAP e 2.6 PPT).

Por resolución da Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2008 se procede á aprobación definitiva do proxecto construtivo do aparcadoiro subterráneo da rúa Areal. No entanto, ante os problemas arqueolóxicos xurdidos, a Xunta de Goberno Local, en data 04/12/2009 acordou:

“1º.- Modificar a traza do aparcadoiro da rúa Areal conforme ó Plano presentado por ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., que se adxunta ó presente informe. (...)”

4º.- Unha vez aprobada definitivamente a modificación, a concesionaria deberá presentar un novo proxecto construtivo conforme coa nova traza, para a súa aprobación polo órgano de contratación.”

O proxecto de construción, redactado polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijada Romero e Manuel Portolés Sanjuán, e visado polo Colexio de arquitectos da demarcación de Galicia o 2 de novembro de 2009, foi presentado no Rexistro Xeral deste Concello pola UTE concesionaria en data 09/12/2009.

Tras ser presentado o proxecto en prazo, corresponde agora á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, decidir sobre a súa aprobación (artigo 44 PCAP). Esta aprobación require a emisión previa de informes polos servizos municipais implicados, que terán en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica que resulte de aplicación (artigo 5.3 PCAP).

-II-

Os proxectos de construción deberán axustarse as especificacións técnicas contidas no prego de prescricións técnicas, que determina as directrices que deberán seguirse ó redactalos e a obriga de que se axusten ó previsto no regulamento xeral de contratación (cláusula 2.6 PPT). Circunstancias que deben ser comprobadas polos diferentes servizos técnicos municipais.

Así, durante a tramitación deste procedemento recabáronse informes dos servizos municipais de electromecánicos; vías e obras; seguridade; montes, parques e xardíns; limpeza e os servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Destes informes se lle deu traslado á UTE concesionaria, e en resposta as pontoalizaciones ós proxectos contidas nos mesmos, presenta alegacións en datas 8 e 10 de febreiro do presente ano.

ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., estrutura a súa resposta referíndose individualmente ós puntos tratados nos informes técnicos municipais. As obxeccións plantexadas son aceptadas de plano coa salvedade das que se citan a continuación:

- *A instalación de colectores soterrados.*

Manifesta a concesionaria que a substitución dos colectores subterráneos por colectores de superficie obedece a diversas causas, en concreto:

- *A imposibilidade de instalacións subterráneas na zona de reserva arqueolóxica que obrigou á redución de traza do aparcadoiro, desde a rúa Pontevedra ata a rúa Colón.*
- *Imposibilidade de instalacións subterráneas no tramo entre a rúa Pontevedra e a rúa República Argentina polas ramplas de entrada e saída do aparcadoiro.*
- *Ineficacia e incongruencia da posible colocación illada dalgún elemento subterráneo.*
- *Reformulación municipal do uso deste tipo de recollida, dado os problemas de seguridade e operatividade postos de manifesto nos existentes.*

- *Dotar dous espazos para a situación de áreas de achega.*

Alega a UTE concesionaria que a inserción destas áreas nas beirarrúas suporía imposibilitar a súa ampliación e ata a redución da súa sección actual se colocamos o colector entre a área de achega e as fachadas dos edificios.

- *A instalación dun único programador electrónico coas electroválvulas necesarias para a distribución dos sectores de rego.*

A concesionaria opina que non se poden regular as regas alén do aparcadoiro co programador ao lado da Comandancia.

- *O aliviadoiro da rúa Pontevedra.*

Considera a UTE concesionaria que a actuación neste caso non sería reposición, xa que non existe. Sería, no seu caso, unha previsión sobre unha, posible, futura obra. Os colectores profundos.

Segundo ELOYMAR TRANVIAS A posibilidade do aproveitamento das obras do aparcadoiro para a localización de colectores sobre os que Aqualia non ten información, está limitada á profundidade na que procederemos a localizar servizos previamente á execución do muro pantalla (máximo 3-4 metros de profundidade).

O enxeñeiro municipal encargado da supervisión das obras dos aparcadoiros, en informe de data 10/02/2010, respecto das obxeccións recollidas nos informes municipais e as subseguintes alegacións da concesionaria sobre as mesmas propón “Estimar a totalidade das alegacións ós informes dos servizos municipais da concesionaria de data 08/02/2010, e parcialmente as alegacións de data 10/02/2010 ó informe de Aqualia (..)”. Neste senso, con respecto as cuestións sobre as que non existe consenso manifesta:

- *No que se refere ó aliviadoiro da rúa Pontevedra que “no proxecto base xa se asumiu, por cuestión de oportunidade e imposibilidade de construción futura, a súa traza pola marxe dereita da rúa Areal, bordeando o aparcamento, ata a súa conexión co aliviadoiro de Colón no entorno do Pretratamento. No caso actual, debido a redución da superficie do aparcamento, a conexión entre ambas tubarías se situará, tal como propón o estudio de GOC, no vial da Comandancia de Mariña e da Aduana, entre o muro oeste do aparcamento e o transformador de Fenosa. Na tubaría en carga de PRFV Ø 1800 mm, na que descargan os dous aliviadoiros, deberase deixar disposta convenientemente, con unha peza especial, unha saída con brida cega para facilitar a conexión no seu día da tubaría de PRFV Ø 1400 mm da rúa Pontevedra”.*
- *Sobre os colectores profundos que “Estarase ó disposto no art. 45.3 e 4 do Prego de C.A.P. da concesión”. Segundo estas disposicións “Se durante a execución das obras, se observase a necesidade de modificar as reposicións inicialmente previstas nos proxectos de construción, ou xurdisen outras novas, o concesionario procederá, de igual modo e á súa costa, a realizar as obras necesarias para a súa reposición (artigo 45.3 PCAP)/ En calquera caso, o Concello de Vigo, é competente para resolver sobre se as mesmas manteñen as características funcionais e técnicas dos servizos restituídos, quedando o concesionario obrigado a realizar as oportunas modificacións mesmo no caso de desconformidade. A aprobación dos proxectos de construción polo Concello non exime, en ningún caso, ó concesionario de cumprir con esta obriga (artigo 45.4 PCAP)”.*

-III-

Á instancia do Concello, a Concesionaria encargou á consultora G.O.C. o estudio e comprobación de caudais dos colectores afectados pola construción do aparcamento, tanto en servizo como en proxecto.

Froito deste encargo se fai entrega do “estudio de viabilidade técnica para a substitución de colectores no aparcamento soterrado do Areal (Vigo)”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Juan Miguel Pérez Fernández, que se incorpora ó presente informe.

O estudio fai unha comprobación dos cálculos de caudais de augas de chuvia das concas aportantes para un período de retorno de 10 anos.

Respecto os colectores existentes afectados polo aparcadoiro propón:

- Para o colector principal de República Argentina:

Modificar uns 50 m no último tramo da glorieta de Areal, mantendo a sección hidráulica do colector existente (HA OV 1200 mm x 1800 mm).

- Para o colector principal da rúa Pontevedra:

Substituír o tramo final que discorre pola rúa Areal ata o de República Argentina, nunha lonxitude de uns 110 m, mantendo a sección hidráulica do colector existente (HA OV 1200 mm x 1800 mm), respectando o perfil lonxitudinal actual.

- Para o colector secundario da rúa Areal:

Novo colector de HA D-500 mm. para a rúa Areal, dende o cruce coa rúa Pontevedra ata a glorieta de Areal, con unha lonxitude aproximada de 125 m. Deberá manter o perfil lonxitudinal do existente.

Aliviadoiros:

Modifica as previsións do proxecto base, no senso de que o aliviadoiro da rúa Pontevedra (previsto), descargará no existente da rúa Colón (tamén afectado), na fronte da entrada ó aparcamento da praza Estrela, en vez de escorrer paralelo a este ata a descarga común na cámara da rotonda.

Reduce a sección do aliviadoiro da rúa Pontevedra a PRFV D-1400 mm, diámetro considerado suficiente para un caudal de 5,50 m³/s. Dende a confluencia dos dous aliviadoiros ata o punto de descarga, a tubería será de PRFV D-1800 mm.

O tramo final do aliviadoiro da rúa Pontevedra coincidente cos xardíns, recomenda “construílo máis adiante”.

-IV-

O prego de cláusulas administrativas particulares esixe o concesionario presentar ó Concello un Plan de realización de obras un mes antes do inicio das obras de construción dos respectivos aparcadoiros, plans que serán mantidos durante a fase de construción e que serán resultado de

completar os aportados polo adxudicatario na súa oferta (artigo 48.1 PCAP). Téndose presentado estes plans coa documentación relativa os proxectos de construción (Anexo nº 15), e tras o informe favorable do enxeñeiro municipal supervisor das obras, procede a súa aprobación conxuntamente coa dos citados proxectos de construción.

-V-

Dado que unha vez aprobados os proxectos de construción é preciso comprobar o replanteo dos mesmos, no prazo dun mes dende a súa aprobación, procede acordar a realización deste acto. O replanteo consistirá en comprobar a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, así como cantos supostos figuren nos proxectos aprobados e sexan básicos para a execución da obra. Ó mesmo deberán asistir a dirección facultativa, un representante do concesionario e outro da Administración asistido por un técnico municipal. Do seu resultado se levantará a correspondente acta (artigos 129 LCAP e 47 PCAP).

-VI-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCS).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o proxecto de construción do aparcadoiro da rúa Areal presentado por ELOYMAR TRANVÍAS,U.T.E, en data 09/12/2009, redactado polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijada Romero e Manuel Portolés Sanjuán, e visado polo Colexio de arquitectos da demarcación de Galicia o 2 de novembro de 2009, así como a documentación complementaria, coas observacións plantexadas polos servizos que se relacionan a continuación:

- Deberá instalarse canalización de 2 tubos de 110 mm. para a Rede Semafórica o longo da beirarrúa (marxe números pares) con arquetas de rexistro de 40x40 cada 25/30 m. e cruce de calzada de 3 tubos de 110 mm. con arquetas de 60x60 na situación dos pasos de peóns en previsión de unha futura regulación semafórica.
- Para a futura sinalización mediante paneis informativos de prazas valeiras no aparcamento é necesario instalar canalización que comunique as instalacións do aparcamento coa canalización da Rede Semafórica.
- Deberá haber unha caixa de protección por cada punto de luz (lámpada), que irán aloxadas no interior dos farois.
- Os condutores eléctricos a empregar deberán ser unipolares do tipo RV-K coa sección regulamentaria e deberán chegar con as tres fases a todos os puntos de luz.
- Empregaranse picas de terra e deberán estar instaladas nos inicios das liñas, nos finais das mesmas e cada cinco puntos de luz.
- A conexión dende as caixas de conexión ás luminarias realizarase mediante condutor flexible de 3x2'5 mm² de sección que inclúe fase, neutro e condutor de protección para a posta a terra da luminaria. Será de 0'6/1 kV de tensión de servizo con illamento de polietileno reticulado e cuberta exterior de PVC.

- *Deberanse intercomunicar as canalizacións cos puntos de luz existentes na zona perimetral, para poder integrar a rede de alumado.*
- *A base do centro de mando do alumado estará revestida con loseta de granito.*
- *Todos os farois serán do modelo Palacio deberán ter un grado de protección IP-67 e IK-10, transparentes e con grupo óptico para mellorar o rendemento lumínico. As lámpadas serán de Haloxenuros metálicos con queimador cerámico de 100W tubulares claras.*
- *As columnas Bailén I de 6m de altura serán de dous brazos e con tres farois modelo Palacio pintadas no verde RAL 6009, para poder aumentar a interdistancia entre estas e non instalar os proxectores de reforzo.*
- *As entradas e saídas do aparcadoiro terán iluminación permanente independente das instalacións de alumado público e alimentadas dende os cadros eléctricos propios do aparcadoiro.*
- *As luminarias da pérgola deberán ter un índice de protección antivandálica e instaladas de forma que permitan o acceso aos equipos para o posterior mantemento.*
- *Deberán realizar os cálculos eléctricos e lumínicos correspondentes a nova disposición.*
- *Dotación de bocas de rego cada 50 metros como máximo en ámbalas dúas beirarrúas.*
- *A concesionaria deberá recoller ós novos colectores, tódalas acometidas de saneamento e de drenaxe que se atopen afectadas polas obras do aparcadoiro.*
- *A conexión do aliviadoiro da rúa Pontevedra co aliviadoiro de Colón se situará no vial da Comandancia de Mariña e da Aduana, entre o muro oeste do aparcamento e o transformador de Fenosa. Na tubaría en carga de PRFV Ø 1800 mm, na que descargan os dous aliviadoiros, deberase deixar disposta convenientemente, con unha peza especial, unha saída con brida cega para facilitar a conexión no seu día da tubaría de PRFV Ø 1400 mm da rúa Pontevedra.*
- *Respecto o colector de residuais situado fronte da Comandancia de Mariña, non queda ben definida a súa renovación. Polo que deberá ser substituído no caso de que sexa preciso para recoller os sumidoiros da cuberta do aparcamento que verten o norte, e a escorrenta da Comandancia de Mariña e da Sociedade de Estiba.*

2º.- *Aprobar o “Estudio de Viabilidade Técnica para a substitución de colectores no aparcamento do Areal (Vigo)”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Juan Miguel Pérez Fernández, colexiado nº-14,443.*

3º.- *Aprobar o Plan de realización de obras relativos ó aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro presentado por ELOYMAR TRANVÍAS,U.T.E, conxuntamente cos proxectos de construción (anexo nº 15).*

4º.- *Proceder a comprobación do replanteo dos proxectos de construción no prazo do mes seguinte á aprobación do presente acordo, acto ó que asistirán a Dirección Facultativa, un representante do concesionario e outro da Administración asistido por un técnico municipal. Deste acto se estenderá a correspondente acta.*

5º.- *Dar traslado do presente acordo á Concesionaria e ós servizos municipais implicados.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dezanove horas e deza-sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.